

## **POLO CUMPRIMENTO DA LEI E NA DEFENSA DOS SECTORES PRODUTIVOS**

A decisión da Dirección Xeral de Costas (Ministerio de Transición Ecolóxica) de non defenderse fronte aos recursos contrarios á prórroga de 60 anos concedida a ENCE, **danos a razón ao considerar que foi contraria á Lei, e abre unha nova vía na loita contra a presenza de ENCE** na Ría e polo seu saneamento e recuperación para a explotación racional dos seus recursos marisqueiros e turísticos. Unha nova situación chea de esperanza nun futuro mellor!

De acordo coa Lei, **ningunha instalación pode permanecer en dominio público máis de 75 anos, e as prórrogas resérvanse para aquelas actividades que, pola súa natureza, non poidan estar noutro emprazamento**, un suposto que non se da no caso de ENCE. Así pois, por Lei, **ENCE non podería continuar en Lourizán máis alá de xullo de 2018**, ano no que caducou a concesión do ano 1958.

E aínda que haberá que agardar á resolución da Audiencia Nacional, a saída de ENCE da Ría está hoxe moito máis cerca que hai uns meses!

Somos conscientes da importancia desta nova situación para o movemento que lideramos, pero sabemos tamén que neste tema, no que están en xogo moitos intereses económicos e políticos, **as cousas nunca son doadas de conseguir; hai que pelexar ata o final**, e temos que facelo por todas as vías ao noso alcance. E neste contexto, **a mobilización social seguirá sendo fundamental!**

Con esta nova **MARCHA CONTRA CELULOSAS**, esiximos a **anulación definitiva da prórroga a ENCE e que se lle obrigue a abandonar Lourizán e a devolver a zona ocupada á situación que tiña cando chegaron no 1958, como esixe a lexislación!**

**Xa temos conseguido botar a ELNOSA de Lourizán.....  
AGORA ENCE!**

**DOMINGO  
16 DE XUÑO ÁS 12  
SAÍDA DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA**

EU TAMÉN VOU  
Á MARCHA!

